

BASES DO DESFILE DE ENTROIDO – MONDOÑEDO 2019

1. Será posible anotarse de dúas maneiras: a través do correo electrónico entroidomindoniense@gmail.com ou chamando ao número de teléfono; **619879499**. O **prazo máximo** para inscribirse será ata as **14.00 horas** do propio sábado, 9 de marzo.
2. Os **dorsais** deberán ser recollidos entre as **16 e 17** horas do sábado 9 de marzo, na Antiga Casa Sindical, no Campo dos Paxariños.
3. Unha vez entregado o dorsal, os disfraces deberán estar **preparados para proceder á súa ubicación** no desfile. Pégase a todos os participantes que sigan as instrucións da organización para que o desfile discorra coa máxima orde posible, e se poida cumprir co horario previsto.
4. O desfile sairá do Campo dos Paxariños, ás **17:30 horas**, e percorrerá a Avenida San Lucas e as rúas Obispo Sarmiento, Andrés Baamonde e Progreso para finalizar na Praza da Catedral.
5. As comparsas e charangas gardarán unha entidade temática tanto no seu vestuario como na súa actuación.
6. Considérase categoría infantil aqueles participantes menores de **12 anos** de idade. No apartado de grupos infantil, máis da metade dos seus compoñentes deberán ser menores de 12 anos de idade, podendo ir acompañados de varios maiores disfrazados.
7. Os grupos de adulto poderán anotarse en dúas categorías en función do seu tamaño: ata 10 membros ou máis de 10 membros. Os grupos que concorran acompañados dunha carroza deberán cumprir as seguintes dimensións para poder desfilas polas rúas da cidade: 2,5 metros de ancho, 7 metros de longo e 4 metros de alto.
8. O xurado cualificará tanto nas rúas como na propia praza da Catedral, onde todos os participantes deberán interpretar a actuación que teñen preparada, de ser o caso. No que respecta a grupos e comparsas, o tempo de actuación na praza da Catedral non poderá ser superior ao **minuto e medio**.
9. Á hora de conceder os premios valoraranse aspectos coma a orixinalidade, vestuario, calidade musical, capacidade de representación, etc.
10. Na entrega de premios é necesario que cada premiado recolla o premio co seu disfraz, ou polo menos unha parte do mesmo que o identifique. É imprescindible que os disfraces, grupos ou comparsas estean no lugar de entrega, polo menos unha parte dos seus compoñentes, **quedando deserto** no caso de incumprimento.
11. O importe dos premios enténdese íntegro e, polo tanto, suxeito a retencións a conta, derivadas da aplicación do imposto sobre as persoas físicas.

- 12.As decisións da organización son inapelables, tendo potestade para tomar calquera tipo de decisión.
- 13.Recoméndase aos concursantes actuar con decoro e evitando ferir a sensibilidade das persoas, maltrato animal ou sen obedecer as indicacións da organización.

PREMIOS 2019

CATEGORÍA ADULTO

COMPARSAS	GRUPOS + DE 10	GRUPOS DE 3 A 10	PARELLAS	INDIVIDUAIS
1º: 450 €	1º: 400 €	1º: 200 €	1º: 180€	1º: 150 €
2º: 300 €	2º: 250 €	2º: 150 €	2º: 125€	2º: 100 €
3º: 250 €	3º: 200 €	3º: 100 €	3º: 80 €	3º: 75 €
4º: 200 €	4º: 150 €			
5º: 150 €	5: 100 €			
6º: 100 €				

CATEGORÍA INFANTIL

GRUPOS	PARELLAS	INDIVIDUAL
1º: 200 €	1º: 100 €	1º: 60 €
2º: 150 €	2º: 75 €	2º: 50 €
3º: 100 €	3º: 50 €	3º: 40 €

PROGRAMA ENTROIDO – MONDOÑEDO 2019

Dende as 12 do mediodía, ambientación polas rúas coa Comparsa XX

Ata as 14 horas será posible anotarse e concursar no Desfile de Entroido 2019.

Ás 17:30 horas: Comezo do desfile dende o Campo dos Paxariños e ata a Praza da Catedral.

Ás 20 horas: Baile de entroido na Praza do Concello coa orquestra Principal.

Ás 21:30 horas: Entrega de premios das categorías infantís.

Ás 22 horas: Actuación do Grupo Xuventude de Mondoñedo.

Ás 23:30 horas: Verbena do Entroido coa orquestra Principal.

Ás 01:00 horas: Entrega de premios das categorías de adultos.

Percorrido do Desfile: Campo dos Paxariños, Avda San Lucas, Obispo Sarmiento, Andrés Baamonde, Progreso e Praza da Catedral.

Lugares preferentes para ver o desfile: Alameda dos Remedios, Avda San Lucas, O Cristo, escaleiras da Praza do Concello, Estatua Álvaro Cunqueiro, Cantóns e Praza da Catedral.